

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Acordo Xunta de Goberno 16/03/18, polo que se modifican as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego), da Deputación Provincial da Coruña, 2018

Modificación das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego), da Deputación Provincial da Coruña, ano 2018

Na sesión celebrada o día 16 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno acordou aprobar a modificación da base 6.12 e da base 8.2 das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego), da Deputación Provincial da Coruña, ano 2018, que quedan redactadas nos seguintes termos:

Base 6.12 Solicitaren, polo menos, tres ofertas de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 40.000 € (IVE excluído) para realizaren obras, ou superior a 15.000 € (IVE excluído) para adquiriren equipamento ou prestaren servizos, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Base 8.2 Concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución de Presidencia.

A unidade encargada da tramitación administrativa do expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas Bases específicas, formulará un informe proposto de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposto será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

As autorizacións para as que se refire o apartado 7.2.8, conforme co disposto no artigo 29.7.d) 2. da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e sempre que achegaren a información necesaria, entenderanse concedidas co outorgamento da subvención, nos termos da solicitude presentada.

A Coruña, 16 de marzo de 2018

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria accidental,

M^a Amparo C. Taboada Gil